

Manuel

Querido irmán: Onte vin nos teus ollos unha mirada de carraxe cara a túa muller. É preciso que lembres!

Envíoches as derradeiras follas do diario de túa nai; que tamén é a miña.

Xullo 1994. O verán chegou con forza, é a miña estación favorita. Con gusto gardo a roupa do inverno xa durmido.

O medo non ten sono. Vivo a cabalo entre súplicas e perdóns.

É a hora do *Ánxelus*; fago un descanso no traballo, ordeno a mesa, colgo o teléfono que veño de empregar, collo o bolso e saio a por un merecido café.

Quedo sen fala ..., as mans súanme. Un calafrío sacódeme. Acho no moedeiro anaquiños de tea. A tea estampada de meu camisón de flores pequenas, brancas e amarelas, margaridas exactamente, cortada en triángulos iguais. Que mágoa! Amábao! Era parte do meu enxoval; agasallo de miña nai.

Xa é outono. Un asustado sol quere brillar, pero, unha nube escura cruza o ceo anunciando posibles balloadas. Revólvome.

Quero mercar momentos de tranquilidade, de sosego.

Camiño polo corredor a modiño, os nenos xa están deitados. Pécholles a porta para que ningún ruído os esperte do seu soño recente.

Escoito os pasos e o medo apodérase de min; non alento; non fago ningún movemento estraño. O pulso vaime a mil. A náusea afógame.

Procuro que non note a miña presenza..., tarde. Achégase, noto o seu alento pastoso e fedorento no meu colo.

Pecho os ollos. Vírome, e na man ten unha cinta de medir estendida; un besbello atropelado sae da súa boca: “Un metro setenta, chega ben para o caixón”.

O inverno adiantouse. Na radio soa unha canción festiva. Cando foi a última vez que bailei?

Sento no sofá de brazos e respaldo alto, herdanza da miña avoa, descansando do día longo e difícil e pecho os ollos un intre.

Nese entresoño unha maraña de pensamentos pásanme pola cabeza: O Amor! Cando me mudou o amor?

Espértame do soño un líquido frío e pegañento que me empapa o cabelo derramándose por todo o meu corpo, mollándome o traxe novo que estreei esta mañá, na que “el”, o meu home, me dixo que lucía fermosa.

O cheiro a *whisky* e un son de mistos que cortan o aire, parálzame.

Si Manuel, quizais ti non te decates, pero non vou consentilo! Aquí estou para lembrarcho.

Segundo premio “Dillo a quen maltrata” Concello de Lalín. Novembro 2015